

**BASTA DE ATAQUES ÓS TRABALLADORES E A MOCIDADE!**

# 29 DE SETEMBRO FOLGA XERAL CONTRA O PLAN DE AXUSTE!



**QUE A CRISE A PAGUEN OS CAPITALISTAS!**

**Sindicato de Estudiantes**

Co estoupido da crise capitalista mundial, todas as concesións do goberno do PSOE á esquerda desapareceron por completo. En lugar de tomar medidas en defensa dos parados, das familias traballadoras, da mocidade, que somos as auténticas vítimas da crise, o goberno do PSOE cedeu vergoñosamente ás presións da patronal (CEOE), da gran banca e do FMI.

Nestes dous últimos anos, o goberno entregou miles de millóns de euros de diñeiro público á banca privada que, como todos sabemos, non é ningunha vítima da crise, senón parte responsable da mesma. Pero agora, cando este transvasamento de riqueza para beneficiar a unha minoría de especuladores e grandes capitalistas non resolveu nada, o goberno lanzou, seguindo os ditados deses mesmos capitalistas, unha ofensiva para recortar salvaxemente o gasto social en educación e sanidade, reducir os salarios dos empregados públicos, aumentar a idade de xubilación e levar a cabo unha contrarreforma laboral que, de xeito sinxelo, abarata o despedimento e reforza aínda máis o poder dos empresarios. Medidas que intentan ser presentadas como sacrificios necesarios e equitativos. Nada máis lonxe da verdade.

## **OS BENEFICIOS DUNHA MINORÍA, Á CONTA DOS SACRIFICIOS DA MAIORÍA**

Desde que a crise económica estalou, a taxa de desemprego supera os catro millóns de parados; hai un millón de fogares con todos os seus membros sen poder traballar; o desemprego xuvenil achégase ó 60%, e a metade dos traballadores con emprego gañan menos de 1.000 euros ó mes. Pero tamén nestes meses, a crise fixo máis ricos ós xa ricos. Por exemplo, os 584 conselleiros executivos e altos directivos das empresas do Ibex 35 cobraron en 2009 unha media de 989.000 euros, o nivel máis alto alcanzado nunca e que equivale a 113 veces o salario mínimo. As maiores empresas españolas do Ibex-35 tiveron no primeiro trimestre de 2010 un incremento de beneficios do 32%; e segundo a consultora Merrill Lynch, o número

de ricos no Estado español experimentou un crecemento espectacular: nin máis nin menos que 16.000 máis que en 2008, un aumento do 12,5%. Os capitalistas piden unha e outra vez máis esforzos e sacrificios ós traballadores, mentres que eles actúan como auténticos parásitos sociais. Un claro exemplo deste comportamento podémolo ver no presidente dos empresarios, Díaz Ferrán, que levou á quebra a varias das súas empresas deixando a centos de traballadores na rúa logo de non pagarlles en meses e acumular unha débeda de 16 millóns de euros coa Seguridade Social. Pero Díaz Ferrán segue sendo un respectable home de negocios e non tivo que presentarse nin unha soa vez ante os tribunais.

Entón, ¿de que sacrificios, de que equidade falan Rodríguez Zapatero e os ministros? As medidas anunciadas só servirán para atacar aínda máis as xa precarias condicións de vida da maioría da poboación: o recorte do 5% nos soldos dos empregados públicos (moitos dos cales xa traballan en precario); a conxelación das pensións dos xubilados (moitas delas duns escasos 700 ou 800 euros mensuais); a supresión da axuda de 2.500 euros ás familias por cada fillo; o recorte das axudas á dependencia e dos gastos en farmacia; a ameaza de rebaixar drasticamente a contía do subsidio de desemprego e os recortes en educación e sanidade que suporán na práctica a privatización progresiva destes servizos sociais... que teñen de progresistas? Absolutamente nada. O propio Zapatero recoñeceu publicamente que a redución no gasto social será de 15.000 millóns de euros o próximo ano 2011. ¡É inadmisíbel que desde o goberno se xustifique este recorte logo de regalar 150.000 millóns de euros á banca!

**NON Á CONTRARREFORMA LABORAL.  
POR UN FUTURO DIGNO PARA A MOCIDADE  
Ó TERMINAR OS ESTUDOS**

Por se isto fose pouco, o goberno do PSOE fixo súa unha das principais reivindicacións da patronal e a dereita aprobando unha reforma laboral que incrementa drásticamente a precariedade e a temporalidade laboral e recorta dereitos fundamentais da clase traballadora.



O goberno defendeu esta reforma laboral argumentando que vai crear emprego. Con todo, o contido da mesma supón, entre outras moitas cousas, o abaratamento do despedimento, a extensión das Empresas de Tráballo Temporal á construción ou á administración pública, onde ata agora non podían entrar, ou facilitar ós empresarios que non respecten os convenios colectivos. Como é posible que logo da destrución de 4.600.000 postos de traballo a patronal siga dicindo que lle resulta difícil despedir ós traballadores? O peor de todo é que sexa o propio goberno o que se faga eco desta demagogia e facilite aínda máis o despedimento. É dicir, moi lonxe do que o goberno argumenta, a reforma laboral significa un aumento da temporalidade, da precariedade, da presión e a chantaxe sobre o persoal da empresa para que acepten peores condicións, e un despedimento barato e rápido para que os empresarios poidan manter os seus beneficios privados ben protexidos, mentres miles de familias quedan en paro, son botadas dos seus fogares pola banca ou non chegan a fin de mes.

Pero, por se isto fose pouco, a Reforma Laboral foi endurecida tras o seu paso polo Senado este verán mediante as emendas presentadas polo propio PSOE, e avaladas pola dereita entre as que inclúen, entre outras cousas, o tope de 30 días para os parados para rexeitar a realización de cursos, o que supón un primeiro paso para obrigarlles a aceptar calquera curso ou calquera traballo que se lles ofrezca baixo a ameaza de perder o subsidio de desemprego.

Ademais, á vez que se endurecía a Reforma Laboral anunciábanse ataques ó sistema de pensións nos próximos meses, suxerindo medidas xa coñecidas, como a ampliación da idade de xubilación dos 65 ós 67 anos e outras novas, pero na mesma liña, como ampliar de 15 a 20 anos traballados o tempo necesario para o cálculo das pensións.

### **O PROBLEMA É O CAPITALISMO. TRABALLADORES E ESTUDANTES UNIDOS NA LOITA**

A crise que estamos vivindo é unha crise xeral do sistema capitalista. Por iso todos os gobernos que aceptan a lóxica do capitalismo, por encima dos intereses xerais da maioría da sociedade, están aplicando plans de axuste salvaxes.

Os capitalistas están organizados internacionalmente na súa ofensiva. Os traballadores e os mozos tamén debemos unirmos para dar unha resposta unificada e contundente, seguindo o exemplo dos traballadores e os mozos gregos, que protagonizaron as maiores mobilizacións ata o momento en Europa. Este é o único camiño para frear a ofensiva patronal e loitar por unha alternativa socialista ó sistema capitalista: que os recursos e a riqueza producida pola maioría da sociedade non engorden os multimillonarios beneficiarios dunha ínfima minoría, senón que se utilicen para cubrir as necesidades fundamentais da poboación. E para que iso sexa así é necesario loitar por nacionalizar a banca e os

grandes monopolios. Coas pancas fundamentais da economía baixo o control da clase obreira sería posible planificar de forma harmónica a economía: lograríase facilmente rematar co desemprego, non existiría ningún impedimento para garantir unha vivenda pública decente e alcanzable, así como un ensino e unha sanidade gratuítas e de calidade para toda a sociedade. Esta é a verdade que os grandes medios de comunicación ocultan sistematicamente.

Por estas razóns, desde o Sindicato de Estudantes chamamos a todo o estudiantado, a toda a mocidade, a apoiar e participar activamente na folga xeral do 29 de Setembro. Desde o Sindicato de Estudiantes reiteramos a nosa proposta a CCOO e UGT de realizar asembleas conxuntas de estudantes e profesores nos centros de estudo para preparar e asegurar o éxito da folga xeral. Unha folga xeral que debe ser o principio dunha campaña de mobilizacións contundentes e continuadas contra os plans de axuste e as contrarreformas. Non imos permitir que se cargue sobre nós o peso da crise. A mobilización é a única vía coa que parar os ataques do goberno, a CEOE, a banca e a burguesía internacional.

Porque a loita dos traballadores é a nosa loita, o goberno do PSOE ten que sentir o próximo 29 de Setembro a presión da clase obreira, dos parados e da mocidade, da maioría da sociedade, para obrigarlles a dar un profundo xiro á esquerda na súa política.

## **O 29 de setembro, todo o mundo á folga xeral!**

- **Non ó plan de axuste, Non á reforma laboral**
- **Por unha educación pública, científica, democrática, laica e gratuítas.**
- **Un posto de traballo digno ó finalizar os estudos ou subsidio de desemprego indefinido de 1.100 euros ó mes.**
- **Ningún recorte en salarios, sanidade, educación e pensións.**
- **Aumento drástico do gasto público nos servizos sociais para dar emprego por centos de miles de mozos e traballadores e novos licenciados en desemprego.**
- **Aumento drástico dos impostos ás grandes fortunas, ós beneficios empresariais e á banca.**
- **Nacionalización da banca baixo o control democrático dos traballadores e as súas organizacións.**
- **En defensa dos postos de traballo; contra o paro, nacionalización das empresas ameazadas de peche, baixo control dos traballadores e as súas organizacións.**

**AFÍLIATE Ó SINDICATO DE ESTUDANTES!**

## **TODOS ÁS MANIFESTACIÓNS**

**[www.sindicatodeestudiantes.net](http://www.sindicatodeestudiantes.net)**

**Coruña:** 627 704 195 • **Ferrol:** 678 42 08 88 • **Santiago:** Rúa Casas Reais nº 8 1er piso  
Tlf: 981 563 100 ext. 12867 / 636 217 248 • **Vigo:** 628 001 270

**galiza**

**santiago**

**vigo**

**@sindicatodeestudiantes.net**